

**Datos Do Expediente:**

PLENO	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/PLE/16/2019	GOB1310H3
2W4E6U6C252S3C37121A	

ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO O ONCE DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZANOVE

SRES/AS ASISTENTES:**SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:**D/D^a MARIAN FERREIRO DIAZ**SRES/AS CONCELEIROS/AS:**

D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ
D/D^a NATALIA HERMIDA RICO
D/D^a JUAN PABLO MAURIZ ROMERO
D/D^a JOSE IBAN SANTALLA BORREIROS
D/D^a GUILLERMO SANCHEZ FOJO
D/D^a JOSE OREONA BRA
D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL
D/D^a MARIA DE LA MERCED TAIBO REY
D/D^a GERMAN CASTRILLON PERMUY
D/D^a M.DEL MAR BLANCO ROCA
D/D^a ANA VANESA BOUZAMAYOR VILLASUSO
D/D^a MARCOS LOPEZ BALADO
D/D^a ESTRELLA CASTRILLON VIDAL
D/D^a JOSE DAVID PITA BREIJO
D/D^a CATALINA MARIA GARCIA BLANCO
D/D^a SANTIAGO GALEGO CASTRO
D/D^a OLAIA MARGARITA LEDO DIAZ
D/D^a EUGENIO CARBALLEIRA LOPEZ

NON ASISTEN:

D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO
D/D^a JAVIER MARIA PEREIRA BECEIRO

SRA. INTERVENTORA XERAL:D/D^a M^aDEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ**SRA. SECRETARIA SUBSTITUTA:**D/D^a MARIA ANGELES MANTEIGA FULGUEIRA

Na casa do Concello de Narón, ás 09:45 do once de outubro de dous mil dezanove, baixo a presidencia da Sra.alcaldesa, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, réunese o Concello Pleno para celebrar sesión extraordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretario MARIA ANGELES MANTEIGA FULGUEIRA, A SECRETARIA SUBSTITUTA.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1 °.- INICIATIVA CONXUNTA DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA E CAPTACIÓN INDUSTRIAL ANTE A CIRCUNSTANCIA QUE SE ESTÁ A VIVIR DE EMERXENCIA INDUSTRIAL NOS CONCELLOS INTEGRADOS NAS COMARCAS DE FERROL, EUME, ORTEGAL, TERRA CHÁ E A MARIÑA OCCIDENTAL . -Lida pola secretaria

substituta a proposta que di así: Os alcaldes e alcaldesas das Pontes, Ferrol, Pontedeume, Neda, Mugardos, Ortigueira, Cedeira, Cerdido, A Capela, As Somozas, San Sadurniño, Fene, Cariño, Valdovino, Moeche, Cabanas, Ares, Narón, Miño, Monfero, Mañón, Muras, Xermade, Vilalba e Viveiro, integrados nas comarcas de Ferrol, Eume, Ortegá, Terra Chá e A Mariña Occidental, diante da circunstancia que se está a vivir de EMERXENCIA INDUSTRIAL (coa situación de Endesa, Alcoa, Navantía, Gamesa, Poligal, Reganosa, etcétera) , que pode arrastrar a miles de traballadores e traballadoras e a todo un tecido empresarial vinculado ao sector industrial, que xa leva perdido miles de empregos nos últimos anos (10 000 no naval, 2. 700 en Endesa, 400 en Gamesa, 200 en Conservas La Jira e 150 en Pizarras Campo), EXPRESAN a súa profunda preocupación por esta situación.

Así mesmo, estas comarcas arrastran un déficit importante tanto en materia de infraestruturas ferroviarias e viarias, imprescindibles para acompañar esta aposta pola rexeneración industrial, como no referido ao impacto do prezo da enerxía e o grave despoboamento.

Por todo isto, INSTAN CON URXENCIA, ás administración con competencia en industria, é dicir, o Ministerio de Industria e a Consellería de Economía e Industria, a acometer unha INICIATIVA CONXUNTA DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA E CAPTACIÓN INDUSTRIAL nestas comarcas, que fomente a política industrial nos sectores do naval, a enerxía, a fibra de madeira, a transformación do sector primario (agropecuário, forestal e pesqueiro), o metalúrxico e o tecnolóxico, así como o aproveitamento de todas as potencialidades existentes nestas comarcas.

Para trasladar esta problemática, solicitan as correspondentes entrevistas cos ministerios de Industria e de Fomento, e coas consellerías de Economía, Emprego e Industria e de Infraestruturas e Mobilidade.

DEBATE

-Sr.Sánchez Fojo: bueno eu creo que na moción ven explicado máis ou menos os problemas que teñen estas comarcas. Quero dicir que non foi raro chegar a estes acordos, o único que non firmou o acordo foi o alcalde de Cervo que viña a resolver o seu problema de Alcoa. É un problema grave pero que se acorde agora do problema de Alcoa, que é un problema moi grave pero non se acordou no 2017, nin no 2016 que era cando se estaba instaurando.

E despois todos os concellos, aparte de que o problema de Endesa que é un problema grave tamén estaban pensando que vai a pasar coa tarifa electointensiva, os problemas que estamos tendo en Narón: Rayma, Poligal, deslocalización que pode ser e que a temos moi cerca aínda que nós queremos calar a boca como pode ser o problema de Megasa para Narón, que tamén é outro problema grave.

E entón entre todos estes que barallamos a empresa de sectores no polígono incluso Fene que hai unha deslocalización de empresas ou empresas que se van a freír espárragos o que si pensamos é que esta moción alomenos é a primeira moción de todos os concellos para tirar a un, pola sinxela razón de que nesta comarca e despois do caso que pasou en Astano, que cada concello foi polo seu lado e así lle luceu o pelo a esta comarca, decidimos que todas estas comarcas no que no tecido industrial e as cartas que teña que poñer chámalle o “gobierno do Estado” para reactivar a acción económica nestas comarcas ten que vir da má de todos. É unha máis dentro do proceso de esquilmação de postos de traballo que temos nestas comarcas.

-Sr.Castrillón Permuy: a nós nos estrana aquí, creo que falta algunha empresa, no. Megasa non está nesta relación e é unha das empresas afectadas e despois tamen Elinco non está nesta relación e si que nós estamos a favor de.....

-Sra.alcaldesa: unha cousa. Hai un etcétera aí.



-Sr.Castrillón Permuy: ...me parece estupendo pero eu o noto en falta e entonces o digo porque é unha das empresas importantes porque Sra.alcaldesa, xa que interveñen, lle digo que como sigamos con este goberno en Madrid antes de un ano temos problemas gordos con Megasa. Entonces pónanse a traballar, preocupense. Ímaxinome que o grupo socialista terá fío directo con Madrid, que lle presione e que axilice para que saia o antes posible. Eu creo que é importantísimo que se axilice, que se traballe nesa dirección e non esperar a que chegue o problema e poñerse despois detrás da pancarta porque eso pouco vale a foto aí detrás da pancarta. Eu creo que hai que empezar antes a traballar e a ver que é o que está pasando e que problemas poden ter as empresas que están vinculadas á nosa comarca, especialmente a Narón que é onde estamos agora mesmo situados.

Despois tamén temos o tema de Poligal que sigue aí, que creo que non se avanza, eu creo que a Sra.alcaldesa tivo unha reunión co administrador concursal de Poligal . Si tuvo? Non a tuvo, bueno, pois se non a tivo e a ten eu lle aconsellaría para que mobilice e non se quede eso parado de que lle diga de que cando pase un ano de estar a empresa cerrada que perde a licenza de actividade para que non queden unhas naves aí pois abandonadas e que dean formato a unha nova empresa o a forma de facer algo nesas instalacións porque creo que é importante, porque creo que dende o administrador concursal en Poligal se está facendo o remolón para atendernos e ser correctos e non dar outra palabra máis incorrecta pois creo que é importante que dende o concello tamén se lle chame e se lle diga que ollo, que pasa un ano e se queda sin licenza de actividade nesas naves. Creo que sería importante.

Nós imos a estar a favor desto, estamos a favor, non como fixeron vostedes antes, é increíble que voten en contra de manter máis de 750 postos de traballo así como o derivado deses postos de traballo .

-Sra.Ledo Díaz: bueno, esto último o di vostede, non o decimos os demais. É que ao mellor hai verdades máis absolutas ou medias verdades.

Claro que imos a votar a favor de algo no que alcaldes e alcaldesas se puxeron de acordo en concellos do BNG, do PSOE, do Partido Popular, o concello de Narón, con medidas concretas. Nós pedimos un plan de choque para a industria galega e vouno enumerar porque teño aquí escrito para non deixarme nada: “unha planificación con base ás liñas estratéxicas de defensa da tarifa eléctrica galega, participación pública, aposta polo valor engadido, peche aos ciclos productivos fronte o efecto dominó das deslocalizacións, peches e reducións da capacidade de producir , aposta polo control público do sector enerxético galego co rescate das centrais e participación pública nos sectores claves como o eólico. Galiza é un país de excelentes enerxías, xeramos enerxía eléctrica e temos que ter beneficios, no.

Non é lóxico que empresas como Megasa poidan entrar nunha crise por culpa dunha tarifa eléctrica elevadísima e xa non só temos que ir ás empresas electrointensivas, se imos aos petos de todas as familias deste país estamos pagando a factura eléctrica máis cara do estado.

Aí o Partido Popular, tanto que pide igualdade para todas as comunidades, aí non importa, somos os que máis pagamos e a factura eléctrica si que é un ben básico como comer, como o leite, como o pan porque encendemos a luz todos os días. Eu hoxe erguín ao meu fillo e tiven que encender a luz para vestilo. E pagamos a factura eléctrica máis cara sen compensación , sen facer políticas. O BNG entende que a adaptación da central non pode facerse nin por conta do diñeiro público, nin con rebaixas fiscais senón que a empresa ten que facer compensacións porque, repito o que dixen antes , tivo 1511 millóns de euros de beneficio. Entonces unha empresa que se beneficia e nos escolle a este país non pode decidir agora a pechar e que aquí non pasa nada. Para eso hai que facer política, non vir aquí a culpar aos demais.

-Sr.Sánchez Fojo: bueno, eu proporía que si tanto... o BNG xa manifestou na anterior que ía a votar a favor deste e o Partido Popular vai a votar a favor desta moción que fóra Declaración Institucional e que asinara esta moción.

-Sr.Castrillón Permuy: nós non temos problema por firmala, nin que se faga declaración institucional pero si que quería recordar algo porque a sensación parece ser que Endesa se levou o diñeiro para outra parte, pero estamonos olvidando da riqueza que xerou cando se instalou nas Pontes para todos os veciños e toda a comarca enteira. Non nos podemos olvidar deso. Creo que non nos podemos olvidar e parece ser que agora Endesa só se beneficia de non sei cantos millóns. Si claro, claro que se beneficia pero ten que pagar os soldos, ten que pagar impostos... se non defendemos as empresas que ao final son as que pagan o soldo, a Seguridade Social e xeran riqueza onde están pero Endesa hai que preguntarlle á comarca das Pontes e toda a comarca de Ferrolterra e aí o temos. E agora pecha Endesa e temos un problema en toda a comarca. Parece que nos olvidamos que cando chegou Endesa ás Pontes o beneficio que deixou e que xerou todos estes anos na comarca. Deso non nos podemos olvidar eh.

-Sra. alcaldesa: creo que está debatido. Queda como declaración institucional. Só o que me decía con respecto a Poligal, si que me reunín co administrador procesal. É coñecedor de cal é a situación, de que nun ano caduca tamén e o Igape que é o que lidera este grupo de traballo para intentar buscar unha solución .

O Concello Pleno, por unanimidade, acorda facer desta proposta unha **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL**.

-Sra.alcaldesa: queda declarada esta moción Declaración Institucional. Moi bo día e moitas grazas.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 09:58 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sra. alcaldesa comigo a secretaria substituta que DÁ FE.

V. e pr.

F_FIRMA_96

F_FIRMA_4